XUNTA DE GALICIA

XERA AXENCIA DA INDUSTRIA FORESTAL

Escola de Enxeñaría Forestal
*Campus de Pontevedra*
Universidade de Vigo



# A CADEA FORESTAL – MADEIRA DE GALICIA

# 2017

CONTIDO

INTRODUCIÓN E NOTA METODOLÓXICA 4
APROVEITAMENTOS FORESTAIS 5
INDUSTRIA DA MADEIRA 33
CONCLUSIÓNS 53
Información de contacto 54

## ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1 Volume de cortas e solicitudes por especies ano 2017 ... 9
Táboa 2 Evolución das cortas de madeira (produción m³ madeira en rolo) en Galicia e países UE28... 11
Táboa 3 Cortas de madeira e solicitudes por tipo de Persoa Xurídica solicitante ... 23
Táboa 4 Cortas de madeira e solicitudes de persoas físicas segundo xénero de solicitante ... 23
Táboa 5 Tipoloxía de propiedade en volume de aproveitamentos 2017 por distrito forestal ... 24
Táboa 6 Repartición de especies no volume aproveitado por tipoloxía de propiedade ... 27
Táboa 7 Porcentaje do volume de corta en cada clase de tamaño de aproveitamento e segundo grupo de especies ... 28
Táboa 8 Afeccións administrativas das solicitudes de corta de madeira en Galicia 2017 ... 29
Táboa 9 Tipos de procedementos administrativos para solicitude de aproveitamentos (ata Agosto 2018) ... 29
Táboa 10 Evolución Superficie (ha) e xestores certificados PEFC e FSC en Galicia. ... 30
Táboa 11 Superficie (ha) e xestores certificados PEFC por CC.AA. ... 31
Táboa 12 Cadeas de custodia PEFC por CC.AA. ... 31
Táboa 13 Índice de produción industrial de Galicia. Taxas de variación anual e interanual (%) ... 38
Táboa 14 Exportacións de Galicia por tipo de produto (miles de €) ... 41
Táboa 15 Resumo de exportacións de Galicia por tipo de produto (miles de €) ... 42
Táboa 16 Consumos superiores a 10 M€ por parte da Cadea Forestal Madeira de produtos aos distintos sectores da economía ... 43
Táboa 17 Emprego media en cada unha das ramas de actividade da Cadea Forestal Madeira ... 44
Táboa 18 Número de empresas por actividad principal (grupos CNAE 2009) ... 50

## ÍNDICE DE FIGURAS


Figura 1 Evolución acumulada de cortas de madeira en Galicia 1996-2017 ....10
Figura 2 Evolución de cortas de madeira en Galicia 1996-2017 por grupo de especies ....10
Figura 3 Comparativa de produción de madeira en rolo entre Galicia e os países UE28 ....12
Figura 4 Cocientes de aproveitamento de madeira por hectárea forestal e arboredo entre Galicia e países UE28 ....12
Figura 5 Distribución diaria e media móbil de 7 días das solicitudes de corta de madeira en 2017 ....13
Figura 6 Distribución das solicitudes semanais de corta de madeira en 2017 por grupo de especies ....13
Figura 7 Distribución das cortas de madeira en 2017 por distrito forestal ....14
Figura 8 Distribución municipal das cortas de madeira en 2017 ....14
Figura 9 Volume de madeira ($m^3$) aproveitado por $km^2$ de superficie municipal en 2017 ....15
Figura 10 Volume de madeira aproveitado por $km^2$ de superficie arborada municipal en 2017 ....15
Figura 11 Distribución municipal das cortas de madeira de Eucalyptus *globulus* en 2017 ....16
Figura 12 Distribución municipal das cortas de madeira de Eucalyptus *nitens* en 2017 ....16
Figura 13 Distribución municipal das cortas de madeira de 'Outros eucaliptos' en 2017 ....17
Figura 14 Distribución municipal das cortas de madeira de Pinus *pinaster* en 2017 ....17
Figura 15 Distribución municipal das cortas de madeira de Pinus *radiata* en 2017 ....18
Figura 16 Distribución municipal das cortas de madeira de Pinus *sylvestris* en 2017 ....18
Figura 17 Distribución municipal das cortas de madeira de 'Outras coníferas' en 2017 ....19
Figura 18 Distribución municipal das cortas de madeira de Quercus *robur* en 2017 ....19
Figura 19 Distribución municipal das cortas de madeira de Betula spp. en 2017 ....20
Figura 20 Distribución municipal das cortas de madeira de Castanea spp. en 2017 ....20
Figura 21 Distribución municipal das cortas de madeira de Populus spp. en 2017 ....21
Figura 22 Distribución municipal das cortas de madeira de Acacia spp. en 2017 ....21
Figura 23 Distribución municipal das cortas de madeira de 'Outras Frondosas' en 2017 ....22
Figura 24 Nomes de muller máis frecuentes nas persoas que venderon madeira en 2017 ....25
Figura 25 Nomes de home máis frecuentes nas persoas que venderon madeira en 2017 ....26
Figura 26 Fluxo na cadea forestal - madeira de Galicia 2017 ....36
Figura 27 Diagrama de interrelacións de produtos / subProdutos na cadea forestal – madeira ....37
Figura 28 Facturación cadea Forestal Madeira por subsectores ....38
Figura 29 Evolución do IPI da R16 'Industria da Madeira' en España e Galicia 2002-2018 ....39
Figura 30 Evolución do IPI da R17 'Industria do papel' en España e Galicia 2002-2018 ....39
Figura 31 Evolución do IPI da R31 'Mobiliario' en España e Galicia 2002-2018 ....40
Figura 32 Evolución das exportacións de Galicia por destino ....42
Figura 33 Evolución Relativa do Emprego en Cadea Forestal Madeira desde 2015 ....45
Figura 34 Evolución emprego en cadea forestal – madeira Galicia 2011 - 2018 ....46
Figura 35 Evolución emprego en cadea forestal – madeira España 2011 - 2018 ....46

Figura 36 Evolución relativa emprego en cadea forestal – madeira Galicia 2011 - 2018 ....47
Figura 37 Evolución relativa emprego en cadea forestal – madeira España 2011 - 2018 ....47
Figura 38 Evolución emprego en cadea forestal – madeira A Coruña 2011 - 2018 ....48
Figura 39 Evolución relativa emprego en cadea forestal – madeira Lugo 2011 - 2018 ....48
Figura 40 Evolución relativa emprego en cadea forestal – madeira Ourense 2011 - 2018 ....49
Figura 41 Evolución relativa emprego en cadea forestal – madeira Pontevedra 2011 - 2018....49
Figura 42 Afiliados a Seguridade Social en cadea forestal-madeira marzo 2001 - marzo 2018 ....50
Figura 43 Distribución xeográfica de axudas FEADER 2018. Serradoiros....51
Figura 44 Distribución xeográfica de axudas FEADER 2018. Aproveitamentos ....51
Figura 45 Distribución xeográfica de axudas FEADER 2018. Outros conceptos....52
Figura 46 Distribución xeográfica de axudas FEADER 2018. Total....52

# INTRODUCIÓN E NOTA METODOLÓXICA

A madeira é renovable, sustentable e pódese utilizar, reutilizar e reciclar. Por iso, é unha materia prima clave para o modelo de transición de Europa cara a unha economía circular destinada a impulsar a competitividade global, fomentar o crecemento económico sustentable e a xeración de novos postos de traballo.

O sector forestal e da madeira de Europa camiña cara á bioeconomía, debido á madurez do mercado de produtos forestais actuais e a necesidade crecente de utilizar produtos renovables. A bioeconomía en Europa está valorada en 2 billóns de euros de facturación anual e xera 22 millóns de empregos (o 9% do emprego en Europa). Segundo o Instituto Forestal Europeo (EFI), a cadea de valor forestal madeira representaría máis do 20% deste sector.

É imprescindible dispoñer de información actualizada da situación da cadea forestal madeira que permita determinar o impacto socioeconómico, axude ao diagnóstico e toma de decisións empresariais e identifique aspectos onde deban incidir as políticas públicas.

O obxecto deste informe é caracterizar, para o exercicio 2017, os aproveitamentos forestais realizados polos silvicultores e comunidades de montes, as principais magnitudes da industria forestal, así como o valor económico dos bens e servizos xerados, o seu comercio e a incidencia no emprego.

Desde o punto de vista metodolóxico, coa finalidade de prover unha información co maior grao de actualización e, nos casos máis específicos non contemplados nos Plans Estatísticos Oficiais, estimacións cun grao de precisión suficiente, traballouse con fontes diversas de información como estatísticas oficiais, rexistros administrativos, enquisas directas a axentes económicos, informes sectoriais e resultados de traballos de investigación. En cada un dos epígrafes, táboas ou gráficos incluídos no presente traballo indícanse a fonte ou fontes dos datos.

XUNTA DE GALICIA

ERA AXENCIA DA INDUSTRIA FORESTAL

Escola de Enxeñaría Forestal
Campus de Pontevedra
Universidade Vigo

# APROVEITAMENTOS FORESTAIS



# APROVEITAMENTOS FORESTAIS

- O exercicio **2017 marca un récord no que respecta ao volume de corta de madeira en Galicia**, superándose **por primeira vez a cifra de 8,5 millóns de metros cúbicos** de madeira con cortiza e sitúase lixeiramente por enriba da cantidade alcanzada en 2015, o outro mellor rexistro da serie histórica.
- Isto supón o 47% da madeira cortada en España, o 1,88% da madeira en rolo producida na UE-28 e o 3,53 % da producida na zona Euro[1].

**Composición dos aproveitamentos:**

- Por especies, respecto de 2015, rexistrouse un incremento en eucalipto (14 %), un descenso en coníferas (9%) e as cortas de frondosas permanecen estancadas[2] .
- O eucalipto consolídase por encima do 50% das cortas de madeira por noveno ano consecutivo, superando o nivel de 5 millóns de $m^3$ e destacando a crecente incorporación de madeira de Eucaleptus *nitens* nos devanditos aproveitamentos.

**Distribución temporal dos aproveitamentos:**

- A distribución temporal dos aproveitamentos, estimada a partir da presentación de solicitudes administrativas, móstrase relativamente constante ao longo do ano a un ritmo de entre 20 e 30 mil $m^3$ semanais.
- Isto supón que de media nunha semana en Galicia chéguese a aproveitar tanta madeira como nun ano na Comunidade Valenciana ou conxuntamente nas de Canarias, Madrid e Murcia[3]. Para o transporte da madeira aproveitada en Galicia requírense da orde de 1.000 a 1.100 viaxes de camión de madeira diarios.
- Na distribución anual das solicitudes de corta correspondente a 2017, pode percibirse un incremento de solicitudes, particularmente en coníferas, para poder levar a cabo a corta da madeira afectada pola vaga de incendios de outubro antes do seu total deterioro.

---

[1] Porcentaxes obtidas de comparar a estimación para Galicia 2017 co último rexistro oficial no resto de áreas xeográficas (Eurostat 2016).

[2] A estimación de volumes aproveitados pode non incluír unha cantidade significativa de madeira con destino aproveitamento doméstico de leñas. Esto pode afectar particularmente á estimación de corta de frondosas distintas do eucalipto.

[3] Avance do Anuario de Estatística Forestal 2014. MAPAMA.

**Distribución xeográfica dos aproveitamentos:**

- No que respecta á distribución xeográfica dos aproveitamentos hai que destacar que a maior parte dos mesmos distribúense nos seguintes distritos.
- A Mariña Lucense con 1,2 millóns de $m^3$, é o distrito cun maior volume de corta en 2017, aínda que outros cinco distritos sitúanse na contorna de 1 millón de $m^3$ (Bergantiños-Mariñas Coruñesas, Ferrol-Ortegal, Lugo-Sarria, Santiago-Meseta Interior e Terra Chá).
- Isto supón que os seis distritos enumerados (3 da provincia de Lugo e 3 da da Coruña) concentran o 71% dos aproveitamentos de madeira. Só hai 2 comunidades autónomas que –con referencia as cortas de 2014 [4]– superasen o volume de aproveitamento anual de calquera destes distritos forestais.
- O seguintes seis distritos na lista (3 de Pontevedra, 2 da Coruña e 1 de Lugo) acumulan o 24%. Os últimos 7 distritos (onde se atopa toda a provincia de Ourense) só supoñen menos do 5% do volume total de cortas.

**Certificación Forestal:**

- Os sistemas de certificación forestal tratan de garantir, mediante a auditoría dunha terceira parte independente, unha xestión do monte que sexa ambientalmente sustentable, socialmente responsable e economicamente viable. Os silvicultores que queren certificar os seus montes deben contar con documentos de xestión e someterse a auditorías de cumprimento. Esa certificación forestal permite que as empresas que adquiren a súa madeira poidan comercializar daquela os seus produtos con selos internacionalmente recoñecidos que acreditan que a madeira procede de xestión forestal sustentable. Estas etiquetas, hoxe en día, son practicamente unha obrigación para acceder a boa parte dos mercados internacionais.
- En Galicia operan, desde fai máis dunha década, dous sistemas de certificación forestal recoñecidos internacionalmente, PEFC e FSC. Ambos incrementaron sensiblemente a súa presenza por mor de adaptar as súas esixencias a un contexto de pequena propiedade forestal e a través do papel activo de asociacións e empresas de servizos.
- Aínda que Galicia só representa o 7,2% e 16,2% da superficie forestal española certificada baixo os sistemas PEFC e FSC respectivamente, necesita para iso dispoñer dun 69,9% e 87,9% dos xestores certificados en España baixo ambos sistemas.
- No que respecta ás Cadeas de Custodia, en Galicia sitúase o 25,1 % das certificadas polo sistema PEFC e o 20,7% das certificadas segundo o sistema FSC.

[4] Última estatística a nivel estatal publicada (Avance do Anuario de Estatística Forestal 2014. MAPAMA).

**Tipoloxía do titular do aproveitamento:**

- En 2017, foi solicitada por persoas xurídicas a corta de 1.034.410 $m^3$ de madeira (13%) e os 7.563.741 $m^3$ restantes (87%) por persoas físicas. As persoas xurídicas realizaron 5.318 solicitudes de corta (5%) e as persoas físicas 111.982 (95%).
- De entre as persoas físicas o 42% do volume vendido corresponde a mulleres e o 58% a homes.
- De entre as persoas xurídicas destacan as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común con aproveitamentos por un volume de 851.233 $m^3$ o que supón o 9,9% do total de cortas de madeira. Por encima de 10.000 $m^3$ aparecen patrimonios de empresas forestais (48.227 $m^3$), sociedades de herdeiros e proindivisos familiares (37.743 $m^3$), agrupacións de propietarios forestais con personalidade xurídica (32.668 $m^3$), aproveitamentos vinculados a empresas agrogandeiras e agroalimentarias (15.784 $m^3$) e sociedades inmobiliarias e financeiras (15.170 $m^3$).
- Nas provincias da Coruña e Lugo, a propiedade privada individual supón a práctica totalidade dos aproveitamentos forestais (95,5% e 96% respectivamente). Na provincia de Ourense esta porcentaxe baixa ata o 77,5% e en Pontevedra só supón o 45,6%. Nesta última provincia, as Comunidades de Montes son responsables do 53,1% da madeira aproveitada, con cifras de 76,8% e 80,8% nos distritos forestais do Condado – A Paradanta e Vigo – Baixo Miño.
- No que respecta á repartición de especies por tipo de titular, é evidente a diferenza entre os titulares individuais e as Comunidades de Montes. Nos primeiros a madeira de eucalipto supón aproximadamente o 50% do volume de aproveitamentos de 2017 e a madeira de piñeiro ao redor do 35%, mentres que nas segundas a madeira de piñeiro supón máis do 66% das cortas e a de eucalipto menos do 30%.
- En 2017, o 60% da madeira cortárono as 35 empresas que cortan máis de 50.000 $m^3$ e o 80% as 151 que cortaron máis de 10.000 $m^3$. Para o 20% restante foi necesario o concurso doutras 300 empresas e autónomos.

**Táboa 1 Volume de cortas e solicitudes por especies ano 2017**

| | Solicitudes de corta (nº) | Volume de corta (m3) |
|---|---|---|
| | **117.301** | **8.598.152** |
| **Eucaliptos** | **42.392** | **5.075.751** |
| *Eucalyptus globulus* | 31.123 | 3.398.563 |
| *Eucalyptus nitens* | 4.918 | 1.040.837 |
| Outros Eucaliptos ou sen especificar | 6.351 | 636.351 |
| **Coníferas** | **37.053** | **3.278.762** |
| *Pinus pinaster* | 23.692 | 1.586.936 |
| *Pinus radiata* | 8.433 | 1.344.788 |
| *Pinus sylvestris* | 545 | 89.378 |
| Outras coníferas | 4.383 | 257.659 |
| **Frondosas (distintas do eucalipto)** | **37.856** | **243.639** |
| *Quercus robur* | 12.805 | 75.025 |
| Outros *Quercus* | 9.463 | 60.685 |
| *Betula* spp. | 3.865 | 29.915 |
| *Castanea* spp. | 4.251 | 23.294 |
| *Populus* spp. | 798 | 24.338 |
| *Acacia* spp. | 1.069 | 10.272 |
| Outras frondosas | 5.605 | 20.110 |

Fonte: Elaboración propia a partir de rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 1 Evolución acumulada de cortas de madeira en Galicia 1996-2017**




Fonte: Elaboración propia e informes Confemadeira-Galicia 2015

**Figura 2 Evolución de cortas de madeira en Galicia 1996-2017 por grupo de especies**




Fonte: Elaboración propia e informes Confemadeira-Galicia 2015

Táboa 2 Evolución das cortas de madeira (produción m³ madeira en rolo) en Galicia e países UE28

| Ano | 2005 | 2010 | 2016 | Variación 2005-2016 |
|---|---|---|---|---|
| **Suecia** | 98 200 | 72 200 | 80 959 | -18% |
| **Finlandia** | 52 250 | 52 125 | 61 434 | 18% |
| **Alemaña** | 56 946 | 54 418 | 52 194 | -8% |
| **Francia** | 52 499 | 55 808 | 51 131 | -3% |
| **Polonia** | 31 945 | 35 467 | 42 137 | 32% |
| **España** (incl. Galicia) | 15 531 | 16 089 | 17 848 | 15% |
| **Austria** | 16 471 | 17 831 | 16 763 | 2% |
| **República Checa** | 15 510 | 16 736 | 16 163 | 4% |
| **Rumania** | 14 501 | 13 112 | 15 117 | 4% |
| **Letonia** | 12 843 | 12 534 | 12 651 | -1% |
| **Portugal** | 10 746 | 9 648 | 11 985 | 12% |
| **Reino Unido** | 8 519 | 9 718 | 10 754 | 26% |
| **Estonia** | 5 500 | 7 200 | 9 735 | 77% |
| **Eslovenia** | 2 733 | 2 945 | 9 267 | 239% |
| **Galicia** | 6 850 | 6 970 | 8 590 | 25% |
| **Lituania** | 6 045 | 7 097 | 6 747 | 12% |
| **Bulgaria** | 5 862 | 5 668 | 6 410 | 9% |
| **Hungría** | 5 940 | 5 740 | 5 586 | -6% |
| **Eslovaquia** | 9 302 | 9 599 | 5 381 | -42% |
| **Croacia** | 4 018 | 4 477 | 5 165 | 29% |
| **Italia** | 8 691 | 7 844 | 5 052 | -42% |
| **Dinamarca** | 2 962 | 2 669 | 3 483 | 18% |
| **Irlanda** | 2 648 | 2 618 | 3 050 | 15% |
| **Holanda** | 1 110 | 1 081 | 2 271 | 105% |
| **Grecia** | 1 523 | 1 048 | 1 217 | -20% |
| **Luxemburgo** | 249 | 275 | 332 | 33% |
| **Chipre** | 10 | 9 | 16 | 63% |
| **Bélxica** | 4 950 | 4 827 | s.d. | s.d. |
| **Malta** | s.d. | s.d. | s.d. | s.d. |

Fonte: Eurostat (2016) excepto Galicia (2017) elaboración propia.

**Figura 3 Comparativa de produción de madeira en rolo entre Galicia e os países UE28**




Fonte: Eurostat (2016) excepto Galicia (2017) elaboración propia.

**Figura 4 Cocientes de aproveitamento de madeira por hectárea forestal e arboredo entre Galicia e países UE28**




Fonte: Eurostat (2016) excepto Galicia (2017) elaboración propia.

**Figura 5 Distribución diaria e media móbil de 7 días das solicitudes de corta de madeira en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento

**Figura 6 Distribución das solicitudes semanais de corta de madeira en 2017 por grupo de especies**




Fonte: Elaboración propia a partir de rexistro de solicitudes de aproveitamento

**Figura 7 Distribución das cortas de madeira en 2017 por distrito forestal**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 8 Distribución municipal das cortas de madeira en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamentos e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 9 Volume de madeira ($m^3$) aproveitado por $km^2$ de superficie municipal en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 10 Volume de madeira aproveitado por $km^2$ de superficie arborizada municipal en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamentos e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 11 Distribución municipal das cortas de madeira de *Eucalyptus globulus* en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 12 Distribución municipal das cortas de madeira de *Eucalyptus nitens* en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 13 Distribución municipal das cortas de madeira de 'Outros eucaliptos' en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento o enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 14 Distribución municipal das cortas de madeira de *Pinus pinaster* en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 15 Distribución municipal das cortas de madeira de *Pinus radiata* en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas xestores forestais

**Figura 16 Distribución municipal das cortas de madeira de *Pinus sylvestris* en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 17 Distribución municipal das cortas de madeira de 'Outras coníferas' en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamentos e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 18 Distribución municipal das cortas de madeira de *Quercus robur* en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 19 Distribución municipal das cortas de madeira de *Betula* spp. en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 20 Distribución municipal das cortas de madeira de *Castanea* spp. en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 21 Distribución municipal das cortas de madeira de *Populus* spp. en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 22 Distribución municipal das cortas de madeira de *Acacia* spp. en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 23 Distribución municipal das cortas de madeira de 'Outras Frondosas' en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Táboa 3 Cortas de madeira e solicitudes por tipo de Persoa Xurídica solicitante**

| | VOLUME ($m^3$) | SOLICITUDES |
|---|---|---|
| Comunidades de Montes Veciñais en Man Común | 851.233 | 3.141 |
| Empresas forestais | 48.227 | 401 |
| Sociedades de herdeiros e proindivisos familiares | 37.743 | 215 |
| Agrupacións de propietarios forestais con personalidade xurídica | 32.668 | 267 |
| Empresas agrogandeiras e agroalimentarias | 15.784 | 203 |
| Sociedades inmobiliarias e financeiras | 15.170 | 78 |
| Empresas enerxéticas | 8.692 | 540 |
| Outras sociedades | 8.494 | 131 |
| Administracións e outras entidades públicas | 5.622 | 99 |
| Entidades eclesiásticas e de beneficencia | 4.413 | 45 |
| Fundacións | 2.074 | 20 |
| Canteiras e explotacións mineiras | 1.971 | 19 |
| Empresas de hostelería, turismo e ocio | 1.219 | 17 |
| Xestores de Infraestructuras e Obras Públicas | 1.099 | 142 |
| | *1.034.410* | *5.318* |

Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Táboa 4 Cortas de madeira e solicitudes de persoas físicas segundo xénero de solicitante**

| | VOLUME ($m^3$) | | SOLICITUDES | |
|---|---|---|---|---|
| Mulleres | 3.132.019 | (42%) | 42.244 | (38%) |
| Homes | 4.431.722 | (58%) | 69.738 | (62%) |
| | *7.563.741* | | *111.982* | |

Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Táboa 5 Tipoloxía de propiedade en volume de aproveitamentos 2017 por distrito forestal**

| | Particulares | | | Comunidades de Montes Veciñais | Sociedades | | | | | | | | | | | | Administracións e Entidades Publicas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Mulleres | Homes | | Agrupacións de Propietarios | Empresas Forestais | Empresas Agrogandeiras | Empresas Enerxéticas | Canteiras e Mineiras | Hostelería, Turismo e Ocio | Inmobiliarias e Financieras | Sociedades de Herdeiros | Xestores de Infraestructuras | Entidades eclesiásticas | Fundacións | Outras sociedades | |
| **A Coruña** | **95.5%** | **39.1%** | **56.4%** | **1.6%** | **0.1%** | **0.9%** | **0.2%** | **0.2%** | **-** | **-** | **0.2%** | **0.8%** | **-** | **0.1%** | **0.1%** | **0.2%** | **-** |
| I - Ferrol | 97.1% | 37.0% | 60.1% | 0.2% | - | 1.0% | - | - | - | - | 0.4% | 0.9% | - | 0.2% | - | 0.2% | - |
| II - Bergantiños - Mariñas Coruñesas | 96.6% | 38.7% | 57.9% | 0.1% | - | 0.5% | - | - | - | - | 0.1% | 1.8% | 0.1% | 0.1% | 0.2% | 0.5% | - |
| III -Santiago - Meseta Interior | 97.0% | 41.6% | 55.5% | 0.7% | - | 1.3% | 0.5% | - | - | - | 0.2% | 0.2% | - | - | - | - | - |
| IV - O Barbanza | 83.5% | 40.5% | 43.0% | 15.0% | 0.8% | 0.2% | - | - | 0.4% | - | - | - | - | - | - | - | - |
| V - Fisterra | 93.2% | 38.9% | 54.3% | 1.8% | - | 1.8% | 0.1% | 2.5% | - | - | 0.3% | - | - | 0.2% | - | - | - |
| **Lugo** | **96.0%** | **40.4%** | **55.5%** | **2.3%** | **0.9%** | **0.4%** | **0.1%** | **-** | **-** | **-** | **-** | **0.2%** | **-** | **-** | **-** | **-** | **0.1%** |
| VI - A Mariña Lucense | 97.8% | 46.7% | 51.1% | 0.9% | - | 0.6% | 0.3% | - | - | - | 0.1% | 0.4% | - | - | - | - | - |
| VII – A Fonsagrada - Os Ancares | 88.9% | 30.0% | 58.9% | 2.1% | 8.7% | 0.1% | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 0.2% |
| VIII - Terra de Lemos | 91.3% | 39.5% | 51.8% | 7.9% | - | 0.1% | 0.5% | - | - | - | - | 0.1% | - | - | - | 0.2% | - |
| IX - Lugo - Sarria | 96.9% | 38.1% | 58.8% | 2.5% | - | - | - | - | - | - | - | 0.1% | - | - | - | - | 0.4% |
| X - Terra Chá | 96.3% | 38.5% | 57.8% | 2.8% | 0.1% | 0.6% | 0.1% | - | - | 0.1% | - | 0.1% | - | - | - | - | - |
| **Ourense** | **77.5%** | **27.1%** | **50.4%** | **21.3%** | **-** | **0.1%** | **0.2%** | **0.1%** | **-** | **0.1%** | **-** | **0.2%** | **0.2%** | **0.2%** | **-** | **-** | **-** |
| XI - O Ribeiro - Arenteiro | 68.0% | 24.3% | 43.7% | 30.8% | 0.1% | 0.2% | 0.4% | 0.1% | - | - | - | 0.1% | - | 0.4% | - | - | - |
| XII - Miño - Arnoia | 85.3% | 26.5% | 58.7% | 13.9% | - | - | 0.2% | 0.4% | - | 0.2% | - | 0.2% | 0.2% | 0.2% | - | 0.2% | 0.2% |
| XII - Valdeorras - Trives | 97.3% | 28.7% | 68.6% | 0.6% | - | 0.9% | - | 0.5% | 0.5% | 0.9% | - | 0.5% | - | - | 0.5% | - | 0.5% |
| XIV - Verín - Viana | 80.9% | 29.5% | 51.5% | 16.8% | - | - | - | 0.3% | - | - | - | 1.3% | 0.9% | - | - | 0.3% | 0.3% |
| XV - A Limia | 80.2% | 34.0% | 46.2% | 19.8% | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 0.3% |
| **Pontevedra** | **45.6%** | **19.3%** | **26.4%** | **53.1%** | **-** | **0.2%** | **0.4%** | **-** | **-** | **-** | **0.4%** | **-** | **-** | **-** | **-** | **-** | **0.1%** |
| XVI -Deza - Tabeirós | 95.8% | 38.2% | 57.6% | 0.9% | 0.2% | 0.6% | 1.2% | - | - | - | 1.1% | - | - | - | - | - | - |
| XVII - O Condado - A Paradanta | 22.3% | 10.0% | 12.3% | 76.8% | - | 0.1% | 0.3% | - | - | - | - | - | - | 0.1% | - | - | 0.5% |
| XVIII - Vigo - Baixo Miño | 18.9% | 7.3% | 11.6% | 80.8% | - | 0.1% | 0.1% | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| XIX - Caldas - O Salnés | 51.4% | 23.9% | 27.4% | 47.7% | - | - | 0.1% | - | 0.1% | - | 0.6% | - | - | - | - | - | - |
| **GALICIA** | **88.0%** | **36.4%** | **51.5%** | **9.9%** | **0.4%** | **0.6%** | **0.2%** | **0.1%** | **-** | **-** | **0.2%** | **0.4%** | **-** | **0.1%** | **-** | **0.1%** | **0.1%** |

Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 24 Nomes de muller mais frecuentes nas persoas que venderon madeira en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

**Figura 25 Nomes de home mais frecuentes nas persoas que venderon madeira en 2017**




Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

Táboa 6 Reparto de especies no volume aproveitado por tipoloxía de propiedade

| | Particulares | | | Comunidades de Montes | Sociedades | | | | | | | | | | | | Administracións e Entidades Públicas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Mulleres | Homes | | Agrupacións de Propietarios | Empresas Forestais | Empresas Agrogandeiras e Agroalimentarias | Empresas enerxéticas | Canteiras e Mineiras | Hostelería, Turismo e Ocio | Inmobiliarias e Financeiras | Sociedades de Herdeiros | Xestores de Infraestruturas | Entidades eclesiásticas | Fundacións | Outras | |
| *Acacia sp.* | - | - | - | | - | 1% | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 7% |
| *Betula sp.* | - | - | - | - | - | - | 2% | - | - | 2% | 1% | - | - | - | - | - | - |
| *Castanea sp.* | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | 6% | - | - | - | |
| *Eucalyptus globulus* | 40% | 43% | 40% | 27% | - | 37% | 43% | 25% | 94% | 12% | 34% | 52% | 55% | 55% | 10% | 45% | 14% |
| *Eucalyptus nitens* | 12% | 13% | 14% | - | - | 12% | - | - | 4% | - | 33% | 5% | - | - | - | 28% | 3% |
| Outras coniferas | 3% | 3% | 3% | 2% | 1% | - | - | - | - | - | 1% | 1% | 1% | - | - | 4% | 1% |
| Outras frondosas | - | - | - | - | - | - | - | 1% | - | - | - | - | 4% | - | - | - | - |
| Outros Quercus | 1% | 1% | 1% | - | - | - | 2% | 1% | 1% | 12% | 1% | - | 7% | 3% | - | - | - |
| Outros Eucaliptos | 7% | 7% | 9% | 1% | - | 20% | 2% | 16% | - | - | 2% | 1% | - | 18% | 6% | - | 22% |
| *Pinus pinaster* | 18% | 13% | 14% | 61% | 21% | 13% | 40% | 57% | 1% | 3% | 13% | 37% | 7% | 4% | 84% | 21% | 8% |
| *Pinus radiata* | 16% | 17% | 17% | 6% | 59% | 14% | 9% | - | - | 49% | 14% | 3% | 1% | 10% | - | 1% | 44% |
| *Pinus sylvestris* | 1% | 1% | 1% | 1% | 19% | - | - | - | - | 14% | - | - | - | 9% | - | - | - |
| *Populus sp.* | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| *Quercus robur* | 1% | 1% | 1% | - | - | - | 2% | 1% | - | 7% | - | - | 19% | 1% | - | - | - |
| Total xeral | 100% | 100% | 100% | 100% | 100% | 100 | 100% | 100% | 100% | 100% | 100% | 100% | 100% | 100% | 100% | 100% | 100% |

Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

Táboa 7 Porcentaxe do volume de corta en cada clase de tamaño de aproveitamento e segundo grupo de especies.

| | < 50 | 50 100 | 100 150 | 150 200 | 200 250 | 250 500 | 500 1.000 | 1.000 2.500 | 2500 5.000 | 5.000 10.000 | >10.000 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Acacia sp. | 54% | 21% | 7% | 1% | 6% | 11% | 0% | 0% | 0% | 0% | 0% |
| Betula sp. | 64% | 14% | 11% | 2% | 1% | 5% | 2% | 0% | 0% | 0% | 0% |
| Castanea sp. | 77% | 14% | 3% | 1% | 3% | 0% | 3% | 0% | 0% | 0% | 0% |
| Eucalyptus globulus | 8% | 12% | 10% | 9% | 8% | 20% | 16% | 10% | 3% | 3% | 1% |
| Eucalyptus nitens | 3% | 6% | 6% | 7% | 6% | 23% | 22% | 18% | 6% | 3% | 0% |
| Outras coníferas | 15% | 14% | 11% | 9% | 6% | 19% | 14% | 8% | 4% | 0% | 0% |
| Outras frondosas | 82% | 9% | 4% | 4% | 1% | 0% | 0% | 0% | 0% | 0% | 0% |
| Outros Quercus | 76% | 14% | 3% | 2% | 2% | 1% | 0% | 2% | 0% | 0% | 0% |
| Outros Eucaliptos | 8% | 10% | 8% | 8% | 6% | 21% | 15% | 16% | 2% | 5% | 0% |
| Pinus pinaster | 15% | 13% | 9% | 6% | 5% | 14% | 12% | 12% | 6% | 4% | 4% |
| Pinus radiata | 5% | 10% | 10% | 8% | 8% | 23% | 20% | 12% | 4% | 1% | 0% |
| Pinus sylvestris | 7% | 6% | 6% | 6% | 4% | 18% | 9% | 17% | 18% | 8% | 0% |
| Populus sp. | 34% | 25% | 10% | 17% | 6% | 3% | 5% | 0% | 0% | 0% | 0% |
| Quercus robur | 75% | 13% | 4% | 2% | 1% | 2% | 2% | 0% | 0% | 0% | 0% |
| Total xeral | 10% | 11% | 9% | 8% | 7% | 19% | 16% | 12% | 4% | 3% | 1% |

Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento e enquisa a empresas e xestores forestais

Táboa 8 Afeccións administrativas das solicitudes de corta de madeira en Galicia 2017

| AFECCIÓN | Nº EXPEDIENTES | M3 AFECTADOS | % EXPEDIENTES | %M3 |
|---|---|---|---|---|
| **Estradas (dominio público)** | 1 | 61 | 0,0% | 0,0% |
| **Patrimonio** | 807 | 164.701 | 0,7% | 1,9% |
| **Costas (dominio público)** | 1 | 30 | 0,0% | 0,0% |
| **Fitosanitario** | 157 | 19.241 | 0,1% | 0,2% |
| **Plan Ordenación Litoral** | 21.531 | 2.166.528 | 18,4% | 25,2% |
| **Nematodo** | 4.105 | 246.615 | 3,5% | 2,9% |
| **Exixencia Plan Facultativo** | 1.094 | 383.642 | 0,9% | 4,5% |
| **Camiño Santiago** | 293 | 42.110 | 0,2% | 0,5% |
| **Red Natura e ENP** | 1.411 | 148.296 | 1,2% | 1,7% |
| **Augas (Servidumbre e policía)** | 12.253 | 1.453.283 | 10,4% | 16,9% |
| **Sen afección administrativa** | 77.289 | 4.639.558 | 65,9% | 54,0% |
| **Con afección administrativa** | 40.012 | 3.958.593 | 34,1% | 46,0% |
| **Total** | 117.301 | 8.598.152 | 100,0% | 100,0% |

Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de solicitudes de aproveitamento

Táboa 9 Tipos de procedementos administrativos para solicitude de aproveitamentos (ata Agosto 2018)

| | Declaración Responsable[5] | Autorización | Comunicación | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 10.624 | 5.182 | 1.257 | 17.063 |
| **Lugo** | 4.354 | 3.218 | 279 | 7.851 |
| **Ourense** | 2.437 | 779 | 65 | 3.281 |
| **Pontevedra** | 2.932 | 1.906 | 92 | 4.930 |
| **GALICIA** | **20.347** | **11.085** | **1.693** | **33.125** |

Fonte; Solicitudes introducidas en CORPRI a 13/08/2018

[5] A Declaración responsable é un procedemento implantado nos aproveitamentos forestais por mor da Orde do 20 de abril de 2018 pola que se modifica o Decreto 50/2014, do 10 de abril, desenvolvendo o disposto pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais que modificaba a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia co fin de lograr unha maior simplificación administrativa

**Táboa 10 Evolución Superficie (ha) e xestores certificados PEFC e FSC en Galicia.**

| | | 2015 | | 2017 | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | PEFC | FSC | PEFC | FSC |
| **Superficie Certificada (ha)** | Galicia | 176.318 | 44.740 | 158.088 | 66.374 |
| | España | 1.933.456 | 247.000 | 2.183.979 | 271.697 |
| | *Galicia / España* | *9,10%* | *18,10%* | *7,2%* | *16,2%* |
| **Xestores Certificados** | Galicia | 15.378 | 7.553 | 16.562 | 10.777 |
| | España | 20.330 | 8.392 | 23.698 | 12.258 |
| | *Galicia / España* | *76%* | *90%* | *69,9%* | *87,9%* |
| **Certificados de Cadea de Custodia** | Galicia | 214 | 170 | 219 | 189 |
| | España | 791 | 798 | 872 | 913 |
| | *Galicia / España* | *27,10%* | *21,30%* | *25,1%* | *20,7%* |

Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de PEFC-España e FSC-España

Táboa 11 Superficie (ha) e xestores certificados PEFC pola CC.AA.

| COMUNIDADE AUTÓNOMA | SUPERFICIE CERTIFICADA | % | Nº DE XESTORES CERTIFICADOS | % |
|---|---|---|---|---|
| Castilla e León | 743.212 | 34,0% | 317 | 1,3% |
| Navarra | 292.796 | 13,4% | 417 | 1,8% |
| Andalucía | 277.426 | 12,7% | 257 | 1,1% |
| Cataluña | 263.482 | 12,1% | 1.620 | 6,8% |
| **Galicia** | **158.088** | **7,2%** | **16.562** | **69,9%** |
| País Vasco | 91.666 | 4,2% | 2.171 | 9,2% |
| Extremadura | 86.005 | 3,9% | 31 | 0,1% |
| Aragón | 78.620 | 3,6% | 25 | 0,1% |
| La Rioja | 71.221 | 3,3% | 4 | 0,0% |
| Castilla - La Mancha | 51.444 | 2,4% | 2 | 0,0% |
| Asturias | 38.249 | 1,8% | 2.187 | 9,2% |
| Cantabria | 30.558 | 1,4% | 104 | 0,4% |
| Comunidad Valenciana | 1.212 | 0,1% | 1 | 0,0% |
| | **2.183.979** | | **23.698** | |

Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de PEFC-España e FSC-España

Táboa 12 Cadeas de custodia PEFC pola CC.AA.

| CC AA | Nº CERTIFICADOS | % | INSTALACIÓNS | % |
|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | **219** | **25,1%** | **409** | **30,5%** |
| Cataluña | 137 | 15,7% | 183 | 13,7% |
| País Vasco | 58 | 6,7% | 123 | 9,2% |
| Madrid | 88 | 10,1% | 112 | 8,4% |
| Castilla e León | 36 | 4,1% | 94 | 7,0% |
| Comunidad Valenciana | 70 | 8,0% | 87 | 6,5% |
| Andalucía | 55 | 6,3% | 70 | 5,2% |
| Castilla - La Mancha | 42 | 4,8% | 49 | 3,7% |
| Navarra | 44 | 5,0% | 53 | 4,0% |
| P. Asturias | 14 | 1,6% | 47 | 3,5% |
| Aragón | 23 | 2,6% | 37 | 2,8% |
| Rioja | 20 | 2,3% | 226 | 1,9% |
| Cantabria | 21 | 2,4% | 24 | 1,8% |
| Murcia | 16 | 1,8% | 17 | 1,3% |
| Extremadura | 3 | 0,3% | 4 | 0,3% |
| Canarias | 2 | 0,2% | 2 | 0,1% |
| Islas Baleares | 2 | 0,2% | 2 | 0,1% |
| Con instalacións en varias CCAA | 22 | 2,5% | | 0,0% |
| TOTAL | 872 | | 1339 | |

Fonte: Elaboración propia a partir do rexistro de PEFC-España e FSC-España

# INDUSTRIA DA MADEIRA



# INDUSTRIA DA MADEIRA

- As actividades de aproveitamento forestal, serrado, pasta e taboleiro melloraron nun 16% o seu volume de negocio en 2017 con respecto aos datos do exercicio 2015. **A Industria Forestal-Madeira volve superar os 2.200 millóns de euros de facturación** por primeira vez desde 2008.
- **Os rematantes facturaron 452 millóns de euros, un 7% máis que en 2015,** acompañando a maior actividade de curta de madeira en monte.
- O **serrado facturación de 355 millóns de euros (+16% respecto 2015)**, aínda que moitos mercados aínda experimentan situacións de atonía, tras os acentuados descensos dos últimos anos. O segmentos de envase e embalaxe segue sendo o máis dinámico seguido do mobiliario de exterior, compórtanse mellor que aqueles tradicionalmente vinculados a carpintería e construción.
- É destacable o **incremento dun 16% respecto 2015 na facturación conxunta do sector do taboleiro e a pasta de papel,** superando de novo o nivel dos **900 millóns de euros** que mantiña antes da crise axudado por unha maior demanda e, especialmente no caso da pasta de papel, unha mellora do prezo medio de venda nos mercados internacionais.
- A **segunda transformación** aproxima a súa facturación aos 500 millóns de euros, crecendo un 26% desde o 2015, impulsada especialmente polo segmento do *contract*[6] cuxa facturación vinculada a madeira pódese estimar na contorna dos 300 millóns en 2017.
- O Índice de Produción Industrial das ramas da Cadea Forestal - Madeira (16 – industria madeira, 17-Industria papel e 31-Mobiliario) situouse en 2017 entre 9 e 12 puntos máis que o Índice Produción Industrial Xeneral de Galicia e entre 4 e 10 puntos máis que as ramas homólogas a nivel español. Nos tres últimos exercicios o IPI de calquera das ramas creceu máis que o total da industria galega.
- Observando a evolución do Índice de Produción Industrial de cada rama en Galicia e comparándoo coa súa rama homóloga en España, pódese observar como a recuperación nas ramas 16 e 31 é sensiblemente superior en Galicia. Ademais pódese observar o incremento de produción na rama 17 (máis desvinculada de construción) e con investimentos de aumento de capacidade.

[6] Pode definirse o ***contract*** como "o conxunto de empresas con actividades orientadas ao deseño, fabricación, subministración e instalación final de equipamento integral para construcións de uso colectivo". O variado conxunto de CNAEs baixo os que están rexistradas as empresas de contract fai que a estimación da súa facturación se levara a cabo a través da explotación de microdatos da Enquisa Industrial de Produtos (EIP, INE) que cobre como mínimo o 90% da produción de cada actividade a 4 díxitos dá CNAE 2009 incluíndo a produción nos establecementos industriais de 20 ou máis empregados e unha mostra dos de menos de 20 cando haxa que asegurar o mínimo do 90%

**Exportacións:**

- O exercicio 2017 marca un récord nas exportacións galegas de madeira e as súas manufacturas, pasándose os 800M€ nas categorías 24, 25, 63 e 82. O 56% das exportacións ten como destino a Zona Euro, o 22% outros países europeos fóra da zona euro, e o resto practicamente a partes iguais entre América, Asia e África.

- O sector duplicou a cifra de exportacións desde 2000 mediante o incremento sostido nos seus destinos tradicionais e a ganancia de mercados externos á zona euro. En 2000 o 74% das exportacións correspondían á Zona Euro e en 2017 esa porcentaxe situouse no 56%. Pola contra en 2000 eran practicamente irrelevantes as vendas en Asia, África e América e hoxe o 22%.

- A estrutura de produtos exportados tamén variou significativamente desde 2000. Entón os produtos máis exportados correspondían ao capítulo 25 –Pasta de papel (42%) e 63-Manufacturas de madeira (37%). A madeira en bruto e serrada só supoñía un 11% e o mobiliario un 10%. En 2017 os produtos máis exportados son as manufacturas de madeira (37%), seguidos polo mobiliario (27%), a pasta de papel (25%) e a madeira en rolo e serrada (11%).

**Impacto na economía:**

- Considerando o Marco Input-Output de Galicia MIOGAL 2013 (IGE), a cadea forestal madeira (R02, R16, R17 e R31) adquire produtos do 80% dos sectores económicos de Galicia. Cos niveis de produción e facturación descritos en páxinas precedentes para o ano 2017 e a estrutura do MIOGAL2013 a cadea forestal-madeira supera os 10 millóns de euros en consumos procedentes de 23 sectores de actividade.

- Destacan as adquisicións dentro da propia cadea forestal-madeira, que superan os 1.000 millóns de euros. A continuación sitúanse os ‘produtos químicos’ (230 millóns de euros), os ‘servizos de produción, transporte e distribución de enerxía’ (con 115), os ‘produtos metálicos, excepto maquinaria e equipamento’ (con 89) e ‘metalurxia, fabricación de produtos de ferro e aceiro’ (con 69 ).

- A importancia do transporte na cadea manifféstase pola compra dun total de 153 millóns de euros aos sectores de ‘transporte terrestre de pasaxeiros e mercadorías’ e ‘servizos anexos ao transporte’ (85 e 68 respectivamente). As compras relacionadas con maquinaria ascenden a 111 millóns de euros correspondendo 51 estritamente á categoría ‘maquinaria’ e 60 aos “servizos de instalación e reparación de maquinaria e equipo’.

- A partir da estrutura da Marco Input-Output de Galicia 2013 (IGE) podería inferirse que a actividade económica de 2017 na cadea forestal - madeira supoñería o pago de case **450 millóns de euros en remuneración de asalariados** e uns **130 millóns nas cotizacións sociais** correspondentes.

**Emprego:**

- O número de empregos asociados en 2017 á cadea forestal – madeira é de 20.320. Desde o punto de vista subsectorial destacan as ramas 16 'Industrias da madeira' con 8.671 e 31 'fabricación de mobles' con 6.067 empregos. A silvicultura (rama 02) achega 4.111 e a 'Industria do papel" 1.470.
- Durante 2015, 2016 e 2017 os empregos en cada unha das ramas que compoñen a cadea forestal de madeira creceron significativamente máis que os do global da economía de Galicia.
- A comparación da evolución do emprego entre Galicia e España é congruente co concluído ao falar do índice de produción industrial. A recuperación do emprego na cadea forestal-madeira en Galicia (aínda que en menor medida que a facturación) prodúcese dunha maneira máis evidente que no conxunto do estado. É apreciable a distinta composición a efectos de emprego, da cadea entre Galicia e España. En Galicia destaca unha maior importancia relativa da rama 02 'silvicultura' (cun maior compoñente estacional) e a 16 'industria da madeira'.
- No que respecta á distribución provincial, A Coruña lidera amplamente os empregos asociados, máis que duplicando para cada rama os valores de emprego asociados a cada unha das restantes. A excepción supona o liderado de Pontevedra na rama 17 'Industria do papel'.

**Interrelacións na cadea:**

- A propia natureza da materia prima e as complementariedades nas liñas de transformación existentes en Galicia, fan que, se se representa a mesma a partir do fluxo de materiais/produtos o diagrama resultante dista moito de ser unha pirámide onde exista unha clara xerarquía de empresas/subsectores. Ao contrario, a representación máis eficaz é unha rede formada por máis de trinta nodos e sesenta conectores. Para a definición do sector, no futuro, debería buscarse o modo de incorporar medicións e parámetros estatísticos desta rede.

**Axudas FEADER**

- As axudas cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 na submedida 8.6 - axuda para os investimentos en tecnoloxías forestais e e a transformación, mobilización e comercialización de produtos forestais mobilizaron investimentos totais en 2018 por valor de 20.958.853.37 €.
- A repartición xeográfica mostra unha maior intensidade nas provincias de Lugo (8,7 millóns de euros) e A Coruña (7,8 millóns de euros) que nas de Pontevedra e Ourense (2,2 millóns cada unha). Estas cifras son congruentes cos indicadores de actividade empresarial analizados anteriormente.

Figura 26 Fluxo na cadea forestal - madeira de Galicia 2017




Fonte: Elaboración propia a partir da enquisa a empresas e xestores forestais

Consumos en instalacións industriais de Galicia unha vez considerados os intercambios de madeira con outros territorios e o balance de madeira en stock. Non inclúe aproveitamento doméstico de leñas estimado -segundo distintas Fontes- en cifras superiores a 1 millón de m3/ano. Tampouco inclúe outras cantidades en destinos fóra da cadea da madeira ( pellets e biocombustibles sólidos, produción enerxética independente e outros pequenos consumos).

Figura 27 Diagrama de interrelacións de produtos / subprodutos na cadea forestal – madeira



Figura 28 Facturación cadea Forestal Madeira por subsectores




Fonte: Elaboración propia e informes Confemadeira-Galicia 2015

Táboa 13 Índice de produción industrial de Galicia. Taxas de variación anual e interanual (%)

| Ano | Total industria | R16 Industria da madeira | R17 Industria do papel | R31 Fabricación de mobles |
|---|---|---|---|---|
| 2015 | **+ 4,2 %** | **+ 14,4 %** | **- 5,0 %** | **+ 11,6 %** |
| 2016 | **+ 4,1 %** | **+ 9,1 %** | **+ 7,2 %** | **+ 20,0 %** |
| 2017 | **+ 1,0 %** | **+ 17,4 %** | **+ 4,8 %** | **+ 8,4 %** |

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Figura 29 Evolución do IPI da R16 'Industria da Madeira' en España e Galicia 2002-2018




Fonte: Instituto Galego de Estatística, Instituto Nacional de Estatística

Figura 30 Evolución do IPI da R17 'Industria do papel' en España e Galicia 2002-2018




Fonte: Instituto Galego de Estatística, Instituto Nacional de Estatística

Figura 31 Evolución do IPI da R31 'Mobiliario ' en España e Galicia 2002-2018




Fonte: Instituto Galego de Estatística, Instituto Nacional de Estatística

## Táboa 14 Exportacións de Galicia por tipo de produto (miles de €)

| | | Valores absolutos | | | Reparto % por destino | | | Evolución por 100mil€ de 2000 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2000 | 2007 | 2017 | 2000 | 2007 | 2017 | 2000 | 2007 | 2017 |
| TOTAL EXPORTACIÓNS | EU - Zona Euro | 318.721,69 | 450.892,45 | 487.503,09 | 74% | 69% | 56% | 100 | 141 | 153 |
| | EU - Europa(geo) | 388.942,82 | 570.970,44 | 671.674,22 | 90% | 88% | 78% | 100 | 147 | 173 |
| | AF - África | 5.924,44 | 16.820,16 | 60.729,82 | 1% | 3% | 7% | 100 | 284 | 1025 |
| | AS - Asia | 17.872,13 | 25.458,73 | 57.170,76 | 4% | 4% | 7% | 100 | 142 | 320 |
| | AM - América | 19.602,33 | 38.379,97 | 70.926,91 | 5% | 6% | 8% | 100 | 196 | 362 |
| | **Total Mundo** | **432.441,13** | **652.051,37** | **864.872,56** | **100%** | **100%** | **100%** | **100** | **151** | **200** |
| 24 MADEIRA E CORTIZA | EU - Zona Euro | 43.437,81 | 52.281,22 | 77.933,09 | 89% | 76% | 82% | 100 | 120 | 179 |
| | EU - Europa(geo) | 44.586,07 | 56.746,70 | 83.037,33 | 91% | 82% | 88% | 100 | 127 | 186 |
| | AF - África | 744,72 | 3.995,41 | 1.353,26 | 2% | 6% | 1% | 100 | 537 | 182 |
| | AS - Asia | 240,15 | 151,00 | 8.023,32 | | | 8% | 100 | 63 | 3341 |
| | AM - América | 3.388,85 | 8.239,73 | 2.148,88 | 7% | 12% | 2% | 100 | 243 | 63 |
| | **Total Mundo** | **48.959,79** | **69.132,85** | **94.562,78** | **100%** | **100%** | **100%** | **100** | **141** | **193** |
| 25 PASTA DE PAPEL | EU - Zona Euro | 150.507,86 | 162.488,27 | 129.252,83 | 83% | 78% | 60% | 100 | 108 | 86 |
| | EU - Europa(geo) | 180.949,16 | 207.372,16 | 209.054,99 | 100% | 100% | 98% | 100 | 115 | 116 |
| | AF - África | | 2,09 | 4.353,92 | | | 2% | 100 | | |
| | AS - Asia | 2,58 | 148,82 | 44,62 | | | | 100 | 5758 | 1726 |
| | AM - América | | 0,86 | 292,05 | | | | 100 | | |
| | **Total Mundo** | **180.951,75** | **207.523,93** | **213.745,58** | **100%** | **100%** | **100%** | **100** | **115** | **118** |
| 63 MANUFACTURAS DA MADEIRA | EU - Zona Euro | 89.586,37 | 179.607,98 | 165.781,81 | 56% | 61% | 51% | 100 | 200 | 185 |
| | EU - Europa(geo) | 126.975,38 | 242.546,85 | 220.722,59 | 80% | 83% | 68% | 100 | 191 | 174 |
| | AF - África | 5.098,13 | 9.235,98 | 36.351,56 | 3% | 3% | 11% | 100 | 181 | 713 |
| | AS - Asia | 16.135,71 | 19.006,68 | 24.996,40 | 10% | 6% | 8% | 100 | 118 | 155 |
| | AM - América | 10.290,79 | 22.042,89 | 38.217,91 | 6% | 8% | 12% | 100 | 214 | 371 |
| | **Total Mundo** | **158.599,42** | **293.254,46** | **324.410,86** | **100%** | **100%** | **100%** | **100** | **185** | **205** |
| 82 MOBLES E AS SUAS PARTES | EU - Zona Euro | 35.189,65 | 56.514,99 | 114.535,35 | 80% | 69% | 49% | 100 | 161 | 325 |
| | EU - Europa(geo) | 36.432,21 | 64.304,73 | 158.859,31 | 83% | 78% | 68% | 100 | 177 | 436 |
| | AM - América | 5.922,70 | 8.096,50 | 30.268,07 | 13% | 10% | 13% | 100 | 137 | 511 |
| | AF - África | 81,60 | 3.586,68 | 18.671,09 | | 4% | 8% | 100 | 4395 | 22881 |
| | AS - Asia | 1.493,67 | 6.152,22 | 24.106,42 | 3% | 7% | 10% | 100 | 412 | 1614 |
| | **Total Mundo** | **43.930,18** | **82.140,13** | **232.153,34** | **100%** | **100%** | **100%** | **100** | **187** | **528** |

Fonte: DataComex- estatísticas do comercio exterior

**Táboa 15 Resumo de exportacións de Galicia por tipo de produto (miles de €)**

| Produto | 2000 | 2007 | 2017 |
|---|---|---|---|
| 24 MADEIRA E CORTIZA | **48.959,79** | **69.132,85** | **94.562,78** |
| 25 PASTA DE PAPEL | **180.951,75** | **207.523,93** | **213.745,58** |
| 63 MANUFACTURAS DA MADEIRA E C | **158.599,42** | **293.254,46** | **324.410,86** |
| 82 MOBLES E AS SUAS PARTES | **43.930,18** | **82.140,13** | **232.153,34** |
| TOTAL | **432.441,13** | **652.051,37** | **864.872,56** |
| 24 MADEIRA E CORTIZA | **11%** | **11%** | **11%** |
| 25 PASTA DE PAPEL | **42%** | **32%** | **25%** |
| 63 MANUFACTURAS DE MADEIRA E C | **37%** | **45%** | **38%** |
| 82 MOBLES E AS SUAS PARTES | **10%** | **13%** | **27%** |

Fonte: DataComex- estatísticas do comercio exterior

**Figura 32 Evolución das exportacións de Galicia por destino**




Fontes: Instituto Galego de Estatística / DataComex- estatísticas do comercio exterior/ Informe Confemadeira Galicia 2015

**Táboa 16 Consumos superiores a 10 M€ por parte da Cadea Forestal Madeira de produtos aos distintos sectores da economía**

| CNAE | Denominación | M€ |
|---|---|---|
| 02_16_17_31 | Adquisicións dentro da propia cadea Forestal-Madeira | **1.000** |
| 20 | Produtos químicos | **230** |
| 35 | Servizos de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, | **115** |
| 25 | Produtos metálicos, excepto maquinaria e equipamento | **89** |
| 49 | Transporte terrestre de pasaxeiros e mercadorías | **85** |
| 19 | Refino de petróleo | **77** |
| 24 | Produtos de metalurxia e Produtos metálicos | **69** |
| 52 | Servizos anexos ao transporte | **68** |
| 33 | Servizos de instalación e reparación de maquinaria e equipo | **60** |
| 28 | Maquinaria | **51** |
| 41_43 | Construcións e traballos de construcións | **32** |
| 69_70 | Servizos xurídicos e contables; Servizos das sedes centrais das | **32** |
| 22 | Produtos de caucho e plástico | **24** |
| 65 | Seguros, reaseguros e fondos de pensións excepto Seguridade Social | **24** |
| 80_82 | Servizos de seguridade, administrativos, de oficina e outros | **23** |
| 68 | Servizos inmobiliarios | **22** |
| 77 | Servizos de aluguer de automóbiles, maquinaria e equipo | **20** |
| 64 | Servizos financeiros, excepto seguros e fondos de pensións | **19** |
| 1 | Produtos agrícolas, gandeiros e Servizos agrícolas | **13** |
| 61 | Telecomunicacións | **13** |
| 45 | Venta e reparación de vehículos de motor | **12** |
| 46 | Servizos de comercio ao por maior e intermediarios, exc. vehículos | **11** |
| 71 | Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería | **11** |

Táboa 17 Emprego medio en cada unha das ramas da actividade da Cadea Forestal Madeira

| CNAE | PROVINCIA | EMPREGO MEDIO 2017 |
|---|---|---|
| **02 Silvicultura e explotación forestal** | C | 1.561 |
| | LU | 868 |
| | OU | 700 |
| | PO | 982 |
| | Galicia | 4.111 |
| **16 Industria da madeira e cortiza, excepto mobles; cestería e espartería** | C | 4.316 |
| | LU | 1.254 |
| | OU | 962 |
| | PO | 2.139 |
| | Galicia | 8.671 |
| **17 Industria do papel** | C | 465 |
| | LU | 15 |
| | OU | 85 |
| | PO | 905 |
| | Galicia | 1.470 |
| **31 Fabricación de mobles** | C | 1.894 |
| | LU | 358 |
| | OU | 404 |
| | PO | 3.411 |
| | Galicia | 6.067 |
| TOTAL | | 20.320 |

Figura 33 Evolución Relativa do Emprego en Cadea Forestal Madeira desde 2015



Figura 34 Evolución emprego en cadea forestal – madeira Galicia 2011 - 2018




Figura 35 Evolución emprego en cadea forestal – madeira España 2011 - 2018



**Figura 36 Evolución relativa emprego en cadea forestal – madeira Galicia 2011 - 2018**




**Figura 37 Evolución relativa emprego en cadea forestal – madeira España 2011 - 2018**



Figura 38 Evolución emprego en cadea forestal – madeira A Coruña 2011 - 2018




Figura 39 Evolución relativa emprego en cadea forestal – madeira Lugo 2011 - 2018



**Figura 40 Evolución relativa emprego en cadea forestal – madeira Ourense 2011 - 2018**




**Figura 41 Evolución relativa emprego en cadea forestal – madeira Pontevedra 2011 - 2018**



**Figura 42 Afiliados a Seguridade Social en cadea forestal-madeira marzo 2001 - marzo 2018**




**Táboa 18 Número de empresas por actividade principal (grupos CNAE 2009)**

| | **2008** | **2009** | **2010** | **2011** | **2012** | **2013** | **2014** | **2015** | **2016** | **2017** | **2018** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *16 Industria da madeira e da cortiza, excepto mobles* | 1.549 | 1.482 | 1.390 | 1.284 | 1.235 | 1.157 | 1.085 | 1.044 | 1.016 | 1.002 | 1.029 |
| *161 Serrado e cepillado da madeira* | 413 | 395 | 363 | 343 | 333 | 309 | 299 | 295 | 298 | 304 | 317 |
| *162 Fabricación de Produtos de madeira, cortiza,* | 1.136 | 1.087 | 1.027 | 941 | 902 | 848 | 786 | 749 | 718 | 698 | 712 |
| *17 Industria do papel* | 56 | 54 | 53 | 49 | 47 | 50 | 51 | 46 | 39 | 39 | 38 |
| *171 Fabricación de pasta papeleira, papel e cartón* | 7 | 7 | 7 | 6 | 4 | 4 | 5 | 6 | 6 | 7 | 6 |
| *172 Fabricación de artigos de papel e de cartón* | 49 | 47 | 46 | 43 | 43 | 46 | 46 | 40 | 33 | 32 | 32 |
| *31 Fabricación de mobles* | 1.185 | 1.165 | 1.099 | 1.041 | 994 | 934 | 904 | 885 | 843 | 828 | 830 |

Figura 43  Distribución xeográfica de axudas FEADER 2018. Serradoiros




Figura 44  Distribución xeográfica de axudas FEADER 2018. Aproveitamentos



**Figura 45 Distribución xeográfica de axudas FEADER 2018. Outros conceptos**




**Figura 46 Distribución xeográfica de axudas FEADER 2018. Total**



# CONCLUSIÓNS

É necesario converter ao monte nun dos alicerces do desenvolvemento rural, e un recurso estratéxico nun contexto europeo no que todos os escenarios apuntan cara a escaseza de madeira.

Os aproveitamentos forestais conseguiron, en 2017, rexistros sobresaíntes desde o punto de vista cuantitativo. Ademais, o traballo aquí presentado consegue ilustrar outros aspectos cualitativos especialmente relevantes: xeración de ingresos en contornas rurais, diversidade da cadea de transformación e impacto sobre economías familiares.

Con todo, a análise detallada tamén identifica unha serie de debilidades a haberaas que prestar especial atención na análise dos futuros exercicios. Entre estes cabe destacar o estancamento da produción de madeira de piñeiro, particularmente aquel de elevada calidade tecnolóxica procedente de silvicultura profesional; que a produción estea practicamente na súa totalidade baseada nos aproveitamentos de silvicultores individuais nun contexto de elevada fragmentación da propiedade; ou a desigual distribución xeográfica da actividade silvícola con provincias como a de Ourense onde a actividade dista aínda do seu potencial.

Pola súa banda, a industria de transformación sufriu nos últimos anos un descenso acusado das vendas iniciado co cambio de ciclo do sector da construción, a crise financeira global e o descenso do consumo. Ante esta situación moitas empresas traballaron na mellora da súa competitividade e a súa masa crítica nos mercados exteriores, especialmente naqueles nos que a recuperación económica prevíase a menor prazo. O segmento do *contract* é o mellor exemplo no ámbito da segunda transformación da madeira.

A tendencia comezou a reverter a partir do ano 2013 e consolidarse desde 2015. En 2017 moitos indicadores conseguiron valores semellantes aos de 2008, incluso alcanzando rexistros históricos nalgúns como as exportacións. A recuperación do emprego no sector foi maior que a experimentada na economía xeral.

A pesar diso, parte da estrutura produtiva mudou de maneira permanente e por tanto non se tratou dunha recuperación do estado anterior senón unha nova situación que obviamente necesitará ser monitorizada.

# INFORMACIÓN DE CONTACTO

Escola de Enxeñaría Forestal de Pontevedra

Campus Universitario de Pontevedra - A Xunqueira s/n
36005 Pontevedra

**Tel.** +34 986 80 1900 / 47

**Fax** +34 986 80 19 07

**Email: jpicos@uvigo.es**

**Como citar este informe:**

XERA (2018). A Cadea Forestal - Madeira en Galicia 2017. Axencia Galega da Industria Forestal. Consellería de Economía, Emprego e Industria. Universidade de Vigo. J. Picos ( coord.).54 p.

**Enlace ó contido do informe:**

www.xera.gal

XUNTA DE GALICIA

ERA AXENCIA DA INDUSTRIA FORESTAL

Escola de Enxeñaría Forestal
*Campus de Pontevedra*
Universidade de Vigo